

O Recanto

Alguén escribiu con xustiza que os cincuenta anos que leva Manuel María de produción literaria (desde a publicación do poemario Muíño de brétemas, en 1950) son "cincuenta anos de compromiso rexo e decidido, poético e solidario" (Carlos L. Bernárdez). A do escritor chairego é unha obra intensa e largacía que tocou creativamente, con palabra áxil e libre, tódolos rexistros; "un caso extraordinario nas nosas Letras", escribiu Alonso Montero.

Neses cincuenta anos, o poeta non deu acougo á pluma e á lingua; unha lingua incansable, que fala con prosodia cachazuda de crego de aldea, facendo patria por tódolos cuírunchos de Galiza, o resto da península e pola Europa dos emigrantes galegos.

Manuel María definiuse hu-

mildemente un día coma "un labrego con algo de poeta", "fiel á súa terra i ó seu Deus" ("Carnet de identidade"). E, como bo labrego, foi un verdadeiro traballador das letras a prol do seu pobo.

Teño moi vivamente no meu maxín unha ocasión en que Manuel veu de Monforte a dar unha charla a Lagoa de Pastoriza, con ocasión das "Xornadas de Formación Popular", que organizabamos na nosa parroquia, con gran afluencia dos homes e mulleres da bisbarra. A charla, seguida con fervor, fora sobre a historia e a cultura galega.

A obra literaria de Manuel María agrupa dúcias de títulos,

sobre todo de poesía (máis de cincuenta poemarios), pero tamén de prosa, teatro, ensaio (máis de vinte libros) e xornalismo (máis de mil artigos xornalísticos); moitos dos seus poemas foron convertidos en cantiga popular.

Con xustiza foron saíndo nestes anos varias antoloxías en Galiza, Portugal e Madrid. Os amigos temos, ademais, unha MiniEscolma que nos regalou o poeta ao ofrecernos -el e máis a súa dona, Saleta- a súa nova casa ao irse para A Coruña en 1998.

Tamaña obra merecíase un libro coma o que ven de publicar a Asociación Cultural Xermolos

de Guitiriz, que mantén co poeta chairego unha mutua relación afectiva e creadora. Son case oitocentas páxinas de estudos nos distintos aspectos da obra do escritor, completados con biografías e lembranzas dos seus numerosos amigos.

Catro amplos capítulos recollen estes estudos e homenaxes en prosa ou en verso: Unha terra. Un home. Unha obra (Poesía. Teatro. Literatura para nenos. Ensaio. Narrativa. Poesía musicada). Testemuños. A nómina dos escritores que participamos nesta obra-homenaxe é enorme: un total de 135 escritores e artistas.

Uns coñecerán ao poeta so-

cialrealista, outros coñecerán ao poeta existencialista, a maioría coñecerán ao poeta de Terra Cha, o seu libro máis veces reeditado e constantemente ampliado polo mesmo autor.

Pero, para non poucos será unha sorpresa descubrir que este poeta de verbo laico e civil é tamén un fondo poeta relixioso, autor de poemarios tan explicitamente relixiosos coma o Libro dos pregos e Advento, pero que ten tamén poemas relixiosos nos libros máis recentes (Panxoliñas ou As lúcidas lúas do outono).

O Libro dos pregos está inspirado nos salmos da Biblia; nel, a voz do poeta vólvese cara a Deus con palabras de confianza e loanza, á par que de imprecación, denuncia e reivindicación. Escribese no frontispicio: "O meu mundo íntimo, persoal, é un anxeo de Deus".

Manuel María, poeta total

Victorino Pérez Prieto